



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DE BASES DE CONVOCATORIA DE ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E PERSOAL DE APOIO OBRADOIRO DE EMPREGO BOQUEIXON, O PINO, TOURO, E VEDRA 2020-2021.

Expediente Tedec. convocatoria de persoal temporal laboral: 2020/E001/000008.

Expediente Tedec tramitación subvención: 2020/A008/000009.

EXPEDIENTE:2020/G003/000530

ANTECEDENTES

Ó abeiro da ORDE do 27 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2020, os concellos de Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra solicitaron un Obradoiro dual de Emprego, denominado "Obradoiro de Emprego Boqueixón, O Pino, Touro, Vedra 2020-2021".

Dito Obradoiro de Emprego terá 2 especialidades: *Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e Repoboación forestal e tratamento silvícola.*

Con data do 6 de novembro de 2020 achégase a Resolución de Concesión de subvención para o proxecto de obradoiro dual de emprego expediente 15/0011/202, por importe de 346.946 € destinados para a contratación de 20 alumnos/as traballadores, contratación de persoal directivo, docente e administrativo de apoio e para gastos de funcionamento.

O Obradoiro de emprego ten como prazo límite de inicio o 15 de decembro de 2020, polo que se procederá a realizar os trámites necesarios para a selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio, atendendo á Orde de convocatoria e á circular núm. 53/2020 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

18/11/2020. Fiscalización do expediente pola Secretaría-Intervención.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- ORDE do 27 do decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2020.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Circular núm. 53/2020 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aceptar a subvención concedida e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.

SEGUNDO. Aprobar as seguintes bases e iniciar os trámites para a selección do alumnado traballador e o persoal directivo, docente e persoal de apoio.

TERCEIRO. O concello de Boqueixón despois de aprobadas estas bases procederá a facer pública a convocatoria do persoal directivo, docente e persoal de apoio por medio da inserción dun anuncio nun dos diarios de maior circulación da provincia, tal como indica a punto 7 *convocatoria pública* da instrución núm. 53/2020. os custos derivados da inserción do devandito anuncio serán aboados pola entidade promotora e admitidos como xustificables dentro dos gastos de funcionamento do proxecto.

CUARTO. Publicar estas bases no taboleiro de edictos, na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón

QUINTO. Comunicar esta resolución aos Concellos de O Pino, Touro e Vedra, ó departamento de secretaría-intervención, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E PERSOAL DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO
“BOQUEIXON, O PINO, TOURO E VEDRA 2020-2021”**

O "OBRADOIRO DE EMPREGO BOQUEIXON- O PINO-TOURO E VEDRA 2020-2021" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade e cofinanciado polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social, e promovido polo **Concello de Boqueixón conveniado cos concellos de Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra.**

As especialidades a impartir son as seguintes:

- **Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208) (10 alumnos/as)**

- **Actividades Auxiliares en Conservación e Mellora de Montes (AGAR0309) (10 alumnos/as)**

A distribución por Concellos é a seguinte :

- **Concello de Boqueixón: 5 alumnos/as**
- **Concello de O Pino: 5 alumnos/as**
- **Concello de Touro: 5 alumnos/as**
- **Concello de Vedra: 5 alumnos/as**

No caso de baixas ou renuncias do alumnado, procederase a súa substitución por alumnado suplente do mesmo concello. (Listaxe de reservas)

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 15/12/2020**, segundo se establece a data prevista de inicio no anexo da resolución de concesión de subvención, salvo que se produza calquera prórroga da data de inicio por parte da Consellería de Emprego e Igualdade.

As actuacións a realizar son as seguintes:

1. Traballos de poda e desbroce no Pico Sacro, A Granxa, Boqueixón.
2. Traballos de poda no Parque da escola unitaria en Codeso, Boqueixón.
3. Traballos de poda no Campo da festa en Codeso, Boqueixón.
4. Traballos de poda e desbroce na Fervenza de Codeso, Boqueixón.
5. Traballos de poda no Campo da festa de Loureda, Boqueixón.
6. Traballos de poda nunha parcela no polígono de Sergude, Boqueixón.
7. Traballos de poda no Parque da escola unitaria en Sergude, Boqueixón.
8. Traballos de poda na área recreativa de Orto, Boqueixón.
9. Traballos de poda no aparcadoiro Igrexa, Boqueixón.
10. Desbroce do camiño ID11050 Noente-Ledesma, Boqueixón.
11. Desbroce do camiño ID109790 Pazos-Lestedo, Boqueixón.
12. Desbroce do camiño ID10971 Castro-Oural, Boqueixón.
13. Desbroce do camiño ID10937 Castro-Oural, Boqueixón.
14. Desbroce do camiño ID10982 Castro-Oural, Boqueixón.
15. Desbroce do camiño ID10729 Santaia-Codeso, Boqueixón.

16. Desbroce do camiño ID1331 Santaia-Codeso, Boqueixón.
17. Desbroce do camiño ID10152 Santaia-Vigo, Boqueixón.
18. Desbroce do camiño ID1071 Santaia-Vigo, Boqueixón.
19. Traballos de desbroce e poda no Parque público Castroteito en A Magdalena, O Pino
20. Traballo de desbroce, plantación frondosas e poda no Parque público en Robledo de Gradamil, O Pino.
21. Traballo de desbroce, plantación frondosas e poda no Parque público de Vimieiro, O Pino.
22. Traballo de desbroce, plantación frondosas e poda no Parque público en San Breixo de Ferreiros, O Pino
23. Plantación de especies forestais na masa común Cancela de Frádega, Touro.
24. Traballos de desbroce e poda na masa común Chousa de San Xoán, Touro.
25. Traballos de desbroce, eliminación de especies invasoras e poda na área recreativa Santaia, Touro.
26. Traballos de desbroce e poda na praza do Luar, Touro.
27. Traballos de desbroce e poda na área recreativa Brandelos, Touro
28. Traballos de desbroce e poda na área recreativa Grixo, Touro
29. Traballos de acondicionamento do roteiro de sendeirismo PRG93, Touro.
30. Traballos de acondicionamento do roteiro de sendeirismo PR121, Touro.
31. Traballos de acondicionamento do roteiro de sendeirismo As Hortas-Basebe, Touro.
32. Traballos de desbroce e poda na masa común Santaia, Touro
33. Traballos de limpeza e tala selectiva en O Castro, San Mamede de Rivadulla-San Pedro de Vilanova, Vedra

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa).
- **2 mestres/as da especialidade Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208)** (80% xornada).
- **2 mestres/as da especialidade Actividades Auxiliares en Conservación e Mellora de Montes (AGAR0309)** (80% xornada).
- **1 Titor/a** (40 % da xornada).
- **1 mestre/a de formación empresarial e complementaria** (40 % da xornada).
- **1 auxiliar administrativo/a** (40 % da xornada).

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

1 COMISIÓN DE SELECCIÓN:

A comisión de selección estará formado por catro persoas, unha polo concello de Boqueixón, unha polo Concello de O Pino, unha polo Concello de Touro e unha polo Concello de Vedra. A presidencia da comisión seleccionadora recaerá na persoa que actúan en representación do Concello de Boqueixón. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte da Comisión de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

A comisión de selección estará integrada polas seguintes persoas:

- Rosario Iglesias Iglesias, Psicóloga, en calidade de presidenta e representante do Concello de Boqueixón, e Pilar Pazos Santamarinas, auxiliar administrativo do concello de Boqueixón, como suplente da mesma.
- Dalmiro Núñez Méndez, Secretario-interventor do concello de Boqueixón, en calidade de secretario, e Adela Lamela Arteaga, administrativo do concello de Boqueixón, como suplente do mesmo.
- M^a Cruz Toande Ramos, Psicóloga-Educadora Familiar en calidade de vogal do Concello de O Pino, e Gloria Iglesias Botana, AEDL do concello de O Pino, como suplente da mesma.
- Nieves González Mujico, Educadora, en calidade de vogal do Concello de Touro e Jesús Reboreda González, administrativo do Concello de Touro, como suplente da mesma.
- Maria de la Cruz Vilas Giadanes, Técnica Local de Emprego e servizos, en calidade de vogal do Concello de



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

Vedra, e Mercedes Pereiras Caldelas, técnica de negociado de secretaria, do concello de Vedra, como suplente da mesma.

A comisión de selección considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes. As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá do voto de calidade.

2 PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR:

Sistema de selección: Oferta tipo T (Taller de emprego)

Localidade: Ámbito dos Concellos de Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: A comisión seleccionadora aplicará os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 17 de decembro de 2020, (DOG núm. 14, do 22 de xaneiro de 2020), segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. (art. 11.1).

O grupo de traballo mixto poderá excluír do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será de tres candidatos/as por posto. A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **340, 320, 330 ou 370** a partir dos 18 anos, e demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de "suspensión específica programas experimentais de emprego" sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora de contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina pública de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión de selección. A data prevista para presentar as **OFERTAS é o día 24 de novembro de 2020.**

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación das persoas preseleccionadas da forma previamente acordada coa entidade promotora (citacións, envíos de información e datos de contacto das persoas...). Así mesmo, poderá acordar que a entidade promotora a que se encargue de comunicar aos/as candidatos/as preseleccionados o lugar, data e hora para a realización da entrevista persoal, que sempre terá

lugar con anterioridade á baremación de méritos, e para a presentación da documentación acreditativa dos méritos sinalados na base da convocatoria.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades será efectuada pola comisión seleccionadora que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos/as candidatos/as remitidos/as pola oficina de emprego e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co fin de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

As persoas candidatas unha vez comunicadas que están preseleccionados/as para participar como alumnado traballador, poderán presentar a documentación requirida aos efectos de baremación no rexistro xeral do seu concello ou poderán rexistar na sede electrónica do Concello de Boqueixón. Así mesmo, o día da entrevista persoal, e tras a realización da mesma, ós/ás candidatos/as preseleccionados/as que non presentasen con anterioridade a documentación requirida, poderana presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón (que permanecerá aberto ata as 3 da tarde).

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Orixinal do DNI ou NIE.
- Orixinal ou copia cotexada da documentación de ser vítima de violencia de xénero, de ser o caso. Para acreditar a condición de vítima de violencia de xénero poderase facer a través de calquera das seguintes formas:
 - a) Certificación da Orde de protección ou da medida cautelar vixente, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufríu violencia de xénero.
 - c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia de ditos indicios.
 - d) Informe actualizado dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición.
 - e) Modelo común para a acreditación da situación da violencia de xénero, adoptados en cumprimento do previsto no parágrafo segundo do artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral.
- Orixinal ou copia cotexada do certificado de minusvalía no caso de que acredite unha minusvalía igual o superior ao 33%.
- Certificado de Servizo Sociais do Concello respectivo de ser beneficiario/a do tramo de Inserción da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)
- Orixinal ou copia cotexada da titulación académica, que se xustificaran co correspondente título académico oficial. Non se procederá a efectuar esta comprobación no caso de que a persoa candidata non aporte ningunha documentación relativa a este punto, xa que nese suposto non se puntuará.
- Os apartados de protección por desemprego, subsidios, antigüidade por desemprego serán puntuados a través da presentación do Informe de Vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa interesada. Tamén as persoas interesadas poderán aportar documentación adicional acreditada debidamente que xustifique tal situación.
- O apartado de persoas emigrantes retornadas (informe/certificación expedido por Subdelegación do Goberno).
- O apartado de ter prevista a realización no seu itinerario de inserción profesional será puntuado mediante a presentación de certificación ou informe do Servizo Público de Emprego.
- Declaración xurada de non ter participado anteriormente en: Escolas Taller Programas, Casa de Oficio, Taller de Emprego, Outros programas de emprego e formación dual.

Toda a documentación non presentada no prazo establecido, e, dicir, ata o mesmo día da entrevista, non se terá en conta a efectos de baremación. A non presentación de documentación xustificativa nos termos indicados anteriormente, suporá que se lle outorguen 0 puntos nese apartado.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

Rematadas as entrevistas faranse públicas as puntuacións das mesmas no mesmo lugar onde tiveron lugar, tamén deberán os concellos proceder a publicar nas súas páxinas web e taboleiros de edictos respectivos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade promotora <https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>. **Esta publicación terá que indicar o prazo máximo para as reclamacións que a comisión acorde.**

As puntuacións finais virán dadas pola suma total dos puntos acadados na entrevista e a baremación de méritos e determinarán a orde de prelación dos alumnos traballadores por concello.

A comisión establece como criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, por orde de prelación, os seguintes:

- a) Muller vítima de violencia de xénero.
- b) Mulleres
- c) 45 ou máis anos.
- d) Por idade (18-29 anos)
- f) Por idade (30-44 anos)
- g) Tempo en desemprego dende o último traballo (segundo informe de vida laboral da tesourería xeral da seguridade social)
- h) Persoas beneficiarias da RISGA
- i) Por ter prevista a realización de IPI.

De manterse igualmente o empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo, a partir da letra "S", segundo RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2020 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Consellería de Facenda (DOG. Núm. 27, luns 10 de febreiro de 2020). De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

As datas de entrevista e de baremo de méritos será o do día que fixe a comisión seleccionadora e que se procederá a publicar nas páxinas web e taboleiros de edictos dos respectivos concellos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade promotora <https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>.

A listaxe provisional das puntuacións das entrevistas e da baremación de méritos outorgadas serán expostas nos taboleiros dos concellos así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade promotora <https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>, e deberá indicar un prazo de reclamacións acordado pola comisión seleccionadora.

Unha vez elaborada a listaxe definitiva de alumnado-traballador propostos e lista de reserva, as entidades publicarannas nas páxinas web e taboleiros de edictos dos respectivos concellos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade promotora <https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>. Así mesmo, a entidade promotora deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algúns dos alumnos/as non cumpre ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva do seu concello.

Nos supostos que non habera candidatos/as de reserva no concello correspondente para substituír os/as candidatos/as procederase a facer chamamento das reservas na seguinte orde primeiro chamarse os/as candidatos/as do concello de Boqueixón, O Pino, Touro, Vedra.

O alumnado que se seleccione terá que manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

A comisión seleccionadora redactará as correspondentes actas.

ANEXO I.

SELECCIÓN DE ALUMNADO TRABALLADOR OBRADOIRO DE EMPREGO DE BOQUEIXÓN, O PINO, TOURO E VEDRA 2020-2021

ENTREVISTA: PUNTUARASE ATA UN MÁXIMO DE 9 PUNTOS

Valórase o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proceso formativo.

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO (MÁXIMO 22 PUNTOS):

1.- MULLERES

- Mulleres vítima de violencia de xénero2 puntos
- Mulleres (non puntuadas no apartado anterior).....1 punto

2.- IDADE

- 30-44 anos.....1 punto
- 18-29 anos.....3 puntos
- 45 ou máis.....4 puntos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía igual o superior ao 33%.....1 punto

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego.....1 punto
- Perceptores de subsidios.....2 puntos
- Non perceptores.....4 puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO INFORME DE VIDA LABORAL DA TXSS)

- Menos de 12 meses.....1 punto
- De máis 12 meses a 18 meses.....2 puntos
- Máis de 18 meses.....4 puntos

6.- PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS.....1 punto

7.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO TRAMO DE INSERCIÓN DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)1 punto

8.-FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado en ESO.....3 puntos
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio.....2 puntos
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior.....1 punto

9.- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI).....2 puntos



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

3 PROCEDIMENTO SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO:

A admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio farase mediante presentación de oferta de emprego tramitada pola Oficina de Emprego de Santiago Norte e mediante convocatoria pública.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego de Santiago Norte, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina pública de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión de selección. A data prevista para presentar as **OFERTAS É O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2020**.

Así mesmo, as persoas interesadas en participar no proceso de selección de persoal directivo, docente e administrativo de apoio que reúnan os requisitos establecidos nestas bases poderán presentar a solicitude de participación no proceso selectivo xunto co resto de documentación xustificativa, dirixida ao alcalde e se presentaran en calquera dos Rexistros Xerais do Concello de Boqueixón, Concello de O Pino, Concello de Touro, Concello de Vedra no prazo máximo das 15:00 horas do **DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2020**. Tamén poderán rexistar na sede electrónica do Concello de Boqueixón.

As solicitudes que se fagan noutro Rexistro Xeral distinto dos citados ou conforme o sinalado na Lei 39/2015, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Neste caso, deberán remitir unha copia de dita solicitude ao correo electrónico emprego@boqueixon.com.

No caso de presentar a documentación presencialmente nos rexistros dos concellos terán que solicitar cita previa.

Así mesmo, para aquelas persoas preseleccionadas pola Oficina pública de Emprego despois de ter realizada a entrevista, procederán a rexistrar dita documentación a efectos de baremación no Rexistro do Concello de Boqueixón ata as 15:00 da tarde do día da entrevista. Tamén poderán presentar a documentación xustificativa nos rexistros dos concellos de Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra dende a data da comunicación de estar preseleccionado/a ata a data da entrevista.

A presentación de oferta de emprego adecuarase ao perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego ou mellora de emprego e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego (artigo 12.4 da Orde de Convocatoria).

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar pola Oficina de Emprego de Santiago Norte é de 3 candidatos/as por praza.

O ámbito da sondaxe será os Concellos de Boqueixón, O Pino, Touro, Vedra e, ampliándose, no caso de non obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores e de ser necesario, a toda a provincia.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación das persoas preseleccionadas da forma previamente acordada coa entidade promotora (notificacións, citacións, envíos de información e datos de contacto das persoas...). Polo tanto, poderá ser a entidade promotora ou a oficina de emprego a que se encargue de comunicar aos/ás candidatos/as preseleccionados/as o lugar, data e hora para a realización da entrevista persoal, así como o prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo acreditativa dos seus méritos (Anexo II):

- Orixinal DNI ou NIE.
- A titulación académica, que se xustificaran co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, de máis de 20 horas, que se xustificaran cos correspondentes diplomas. Os cursos que non acaden as 20 horas, xornadas, congresos, simposios, etc. non serán obxecto de valoración.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo ou certificados de empresa, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas. (Non se valorará este apartado se non se achega algún deste documentos).
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social). No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar. (Non se valorará este apartado se non se achega algún deste documentos).
 - ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados (con tradución ao idioma oficial)
 - ✓ O coñecemento do idioma galego, que se xustificará co título ou certificación do CELGA correspondente

As persoas candidatas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

As puntuación das entrevistas serán obxecto de exposición pública a través da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web dos concellos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade promotora <https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>, e deberá indicar un prazo de reclamacións acordado pola comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora valorará os currículos conforme aos baremos e redactará as correspondentes actas.

As puntuacións finais virán dadas pola suma total dos puntos acadados na entrevista e a baremación de méritos e determinarán a orde de prelación de maior a menor puntuación acadada.

3.1 CRITERIOS PARA DIRIMIR OS POSIBLES EMPATES ENTRE AS PUNTUACIÓNS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempleado (atenderase ao informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou un informe/certificado da oficina pública de emprego)
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- c. A puntuación no apartado de experiencia profesional
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- h. A persoa de maior idade



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

De manterse igualmente o empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo, a partir da letra “S”, segundo RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2020 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Consellería de Facenda (DOG. Núm. 27, luns 10 de febreiro de 2020). De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros dos concellos participantes, nas súas páxinas web, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade promotora <https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>, e **deberá sinalar un prazo de reclamacións acordado pola comisión seleccionadora.**

3.2 INCOMPATIBILIDADES

As persoas candidatas que na data de remate do proceso de selectivo estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego non poderán ser propostas para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que se pasarán a integrar as listaxes de reserva, ocupando lugar que lles corresponde conforme a puntuación obtida en dito proceso de selección

4 PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS:

A comisión seleccionadora acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Santiago-Norte (por ser a que comprende o ámbito territorial dos respectivos concellos), así como nas respectivas páxinas web das entidades participantes, taboleiros de edictos dos concellos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade promotora <https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>.

5 INCIDENCIAS

A comisión de selección queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencia poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso de selección e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con arranxo ao sentido e contida das propias bases.

6 PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Realizada e puntuada a entrevista e valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas e, a comisión seleccionadora fará a proposta de contratación que será elevada ao Alcalde para que formule a contratación das persoas que acadasen as maiores puntuacións, en número que non supere os das prazas obxecto da convocatoria.

Previamente, e de acordo co contido da circular 53/2020 de Instrución en relación co procedemento do persoal directivo, docente e de persoal de apoio así como do alumnado traballador dos programas de emprego, unha vez elevada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, a entidade promotora remitirá a xefatura territorial que deberá verificar que cumpren os requisitos necesarios para participar no proxecto, se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos á Xefatura comunicará á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a Xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne os requisitos.

A entidade promotora estará obrigada a contratar a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final.

7 LISTAXE DE RESERVA

Rematado o proceso de selección, a entidade elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, non obtivesen mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan una vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nas instrucións da circular núm. 53/2020.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresario. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuación.
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os Concellos de **Boqueixón, O Pino, Touro, Vedra** as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación: Licenciatura en empresariais, ou licenciatura en económicas ou Grao en ADE

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master: ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- - Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- - Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos,... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (punto 3.1)**.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCÍONS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados **2 mestres de Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208) e 2 mestres de Actividades Auxiliares en Conservación e Mellora de Montes (AGAR0309)** ao 80 % da xornada laboral

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

- Nivel académico: Enxeñarías técnicas ou superiores ou grao en enxeñarías da rama forestal e agrícola, Licenciatura ou grao en Bioloxía, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e Medio Natural, Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Forestal da familia profesional de Agraria, ou equivalentes.
- O/a candidato/a terá que acreditar un ano de experiencia profesional relacionada coas competencias que se inclúen nos certificado de profesionalidade que se van impartir neste obradoiro de Emprego .
- Competencia docente atenderase ao establecido no artigo 13. Formadores do RD189/2013, do 15 de marzo polo que se modifica o RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polos que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade dictados na súa aplicación.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase **ata un máximo de 6 puntos**

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master: ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (master en secundaria)*:1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (punto 3.1)**

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A DE XESTIÓN EMPRESARIAL

FUNCÍONS:

A persoa candidata seleccionada encargarse de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de iniciación á informática, e igualdade de xénero, así como tarefas de información, orientación e inserción laboral.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a ao 40% da xornada

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Licenciatura en empresariais, Grao en ADE, Grao Relacións Laborais, Grao en Dereito.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos





Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master: ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P (master en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.**

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A E MESTRE/A DE ENSINO BÁSICO

FUNCÍONS:

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica

Será contratado/a ao 40% da xornada

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación universitaria "Mestre en Educación primaria" ou grao equivalente.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master: ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 9 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (master en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas**.

BAREMO PARA A SELECCION DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

FUNCÍONS:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.

- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.

- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

- Asistir ás reunión, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

Será contratado a 40% da xornada laboral

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de técnico/a en xestión administrativa ou técnico superior en administración e finanzas

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

Titulación académica:

Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,50 punto

Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.

Título de bacharelato: 1,5 puntos

Titulación universitaria: (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos** A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de alta **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000530

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.**